

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VILASANTAR

*Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos do ano 2023.*

### ANUNCIO

#### **Aprobación do padrón fiscal de taxa por recollida de residuos sólidos urbanos do ano 2023.**

Por resolución desta Alcaldía de data 2 de Maio de 2023 aprobouse o padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ó exercicio 2023 por un importe de 45.024,00 € correspondentes a 931 recibos, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102,3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de 15 días, a contar desde o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito padrón estará a disposición dos interesados no concello. Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán presentar os seguintes recursos:

- 1.- Perante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se o ó transcourir un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- 2.- Perante o Xulgado Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición, se non o fose. Tamén se poderá presentar outro recurso que se estime conveniente.

De no presentarse reclamacións, durante o período de exposición pública, contra este padrón fiscal considerarase definitivamente aprobado.

Vilasantar, 2 de Maio de 2023.

O alcalde.

Fernando Javier Pérez Fernández.

2023/3454